



CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO

(ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia)

PROMOCIÓN NA ESO. Art. 8

O alumno promocionará ó curso seguinte se:

- Supera todas as materias do curso.
- Ten 1 ou 2 materias suspensas (tamén computan as de cursos anteriores).
- Ten máis de 2 materias suspensas e o equipo docente considera que se compren **TODAS as condicións seguintes**:
 - Media aritmética igual ou superior a 5.
 - A natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
 - Ten expectativas favorables de recuperación
 - A promoción beneficia a súa evolución académica.

Os tres últimos puntos serán votados polos membros do equipo docente do alumno e será considerada aprobada a promoción sempre e cando se alcance a maioría simple (a metade mais un).

A repetición de curso é unha medida excepcional: 1 soa vez no mesmo curso e 2 no ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano mais no 4º curso da ESO.

TITULACIÓN NA ESO. Art. 10

- Superar todas as materias.
- Ter materias suspensas si se compren **TODAS as condicións seguintes**:
 - Media aritmética igual ou superior a 5.
 - Adquisición das competencias establecidas. [Art. 8; DOG 183, 26 de set 2022]
 - Obxectivos da etapa alcanzados. [Art. 7; DOG 183, 26 de set 2022]

Os dous últimos puntos serán votados polos membros do equipo docente do alumno e será considerada aprobada a titulación sempre e cando se alcance a maioría simple (a metade mais un).

O alumnado que non obteña o título e supere os límites de idade poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas extraordinarias das materias que non superase.

MATRÍCULA DE HONRA. Art. 12

- Alumnado que, logo da avaliación final do 4º curso, obtivese unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos.
- Poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos próximo ao 5 % do total do alumnado matriculado no 4ª curso (caso grupo inferior a 20 → unha matrícula)
- Criterios do Centro:
 - 1º criterio: nota media de 4º curso igual ou superior a nove puntos.
 - 2º criterio: considerar aa décimas e/ou centésimas en caso de haber empate.
 - 3º criterio: proceder do mesmo xeito (criterios 1º e 2º) tendo en conta os cursos de 3º a 1º ESO.

OBXECTIVOS DE ETAPA

• **Artigo 7. Obxectivos da etapa (DOG Núm. 183 do Luns, 26 de setembro de 2022)**

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

• **Artigo 8. Competencias clave e perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico (DOG Núm. 183 do Luns, 26 de setembro de 2022)**

As competencias clave da etapa, para os efectos deste decreto, son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).DOG Núm. 183 Luns, 26 de setembro de 2022 Páx. 50021
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).